

Concello de Arbo

Exp.: 0976/24
Promotor: Concello de Arbo
Asunto: Mellora e ampliación de vial de Arbo a Vilar-As Laxas
Situación: As Laxas, Vilar (Arbo)

ANTECEDENTES

- 1 Concello de Arbo promove o expediente de Mellora e ampliación de vial de Arbo a Vilar-As Laxas en As Laxas, Vilar, concello de Arbo.
- 2 De acordo co artigo 3.a do Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía, considérase que non é preciso o informe preceptivo previo do Consello Territorial de Patrimonio Cultural.
- 3 Con data 8 de abril de 2024 emítense informe técnico que di o seguinte:

"INFORME

Solicítase autorización para levar a cabo obras de mellora e ampliación de vial de Arbo a Vilar-As Laxas, na parroquia de Santa María de Arbo. O Concello de Arbo conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal en vigor aprobado definitivamente o 27.06.1998.

As obras están emprazadas no contorno de protección do Viacrucis no Cemiterio, Capela de San Pedro, Igrexa de Santa María de Arbo e Cruceiro.

Polo anterior, en aplicación do artigo 39.1 da Lei 5/2016 do Patrimonio de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, no seu contorno de protección, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

DESCRIPCIÓN DA INTERVENCIÓN

As obras consisten na mellora e ampliación de vial de acceso de Arbo ao Lugar de Vilar na zona de As Laxas no Concello de Arbo.

Comenzasen coa demolición dun tramo de muro, ao comezo do trazado, que se atopa parcialmente derruído, procedendo a continuación á escavación para a reposición no seu novo emprazamento, desprazándoo para lograr un maior ancho de vial, polo seu lado esquerdo.

Procederá á eliminación de raíces dos arbores próximos nun tramo duns 80 m², para o que se procederá á demolición do firme existente, eliminación de raíces e estendido e compactación de material de préstamos que fará de subabse sobre a que se executara o paquete de firme con base de 25 cms de zahorra artificial.

No tramo inicial e polo seu lado dereito, procederá unha vez executado o muro, ao seu recheo acabando nese lateral superficialmente nunha cuneta de formigón tipo V 20, para o efecto de recoller as augas superficiais e conducilas a canle receptora. De igual maneira farase no tramo escavado á altura do pk.- +0.100 polo seu lado esquerdo, comunicándose ambas mediante un tubo de formigón de 300 mm.



A cuneta pola marxe esquerda entre o pk-0.150 ata o final da actuación, manterase en terra, procedendo ao seu perfilado e refino de noiros.

Seguidamente estenderase e compactará unha capa de 5 cms de mestura bituminosa en quente tipo AC 16 Surf 50/70 D na totalidade da obra. A superficie total será de 1.374,40 m².

Finalmente, procederase ao pintado de mediante marca viaria continua reflexiva de 10 cm.

CONSIDERACIÓNS E CONCLUSIÓNS

Considerando a natureza da obra a actuación non supón afección negativa á contemplación dos elementos catalogados polo que dende o punto de vista de protección do patrimonio se informa coas seguinte condicións:

- Con carácter xeral no transcurso das actuacións previstas adoptaranse as cautelas necesarias para non afectar aos muros tradicionais e calquera outro ben de carácter etnográfico que se atope no percorrido das obras.

- As posibles provisións de materiais realizaranse á maior distancia posible dos bens catalogados.

- En tódolos casos, nos puntos en que os traballos se realicen nas inmediacións ou en contacto directo cos bens, extremaranse as precaucións para evitar calquera dano fortuíto resultado de impacto ou vibracións causadas por emprego de maquinaria.

- O material de acabado do firme será uniforme en todo o seu trazado e non se estenderá ás marxes non pavimentadas das beiravías, salvo para a regularización puntual do ancho útil de tránsito do camiño.

- Conservaranse os muros tradicionais existentes adoptando as precaucións precisas para evitar que o aglomerado entre en contacto cos mesmos.

- Os muros de contención proxectados executaranse en pedra de granito silvestre ou moreno.

- A altura do muro proxectado debe ser a mínima necesaria para a contención das terras e deberá adecuarse á necesaria para cada tramo do muro.

- En caso de ser necesario o aporte de pedra, empregaranse preferentemente pedras da zona, e en calquera caso, correspondentes a variedades litolóxicas o máis semellantes ás empregadas orixinariamente nel, en tamaño, forma e cor, e coa mesma disposición construtiva. Non se consideran axeitadas as placas de pedra (aplacados) de pequeno espesor, polo que de utilizar pedra, empregárase unha folla duns 10 cm de espesor mínimo, trabada ao xeito tradicional e resolvendo os posibles encontros axeitadamente. De procederse ó rexuntado do muro, este realizarase con morteiro de cal, análogo ó usado nas prácticas tradicionais, prohibíndose o emprego de morteiros exclusivamente de cemento. O morteiro colorearase en tons semellantes ós da pedra, e deberá quedar lixeiramente refundido na xunta ou a rentes ca fábrica de pedra, nunca en relevo."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.



- Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 126 do 4 de xullo).
- As demais normas de aplicación, en concreto a lexislación vixente do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

2 A intervención para a que se solicita autorización preténdese realizar no contorno de protección do Viacrucis no Cemiterio, Capela de San Pedro, Igrexa de Santa María de Arbo e Cruceiro, elementos catalogados no PXOM do concello, de acordo co artigo 39.1, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que nela se establecen.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 126 do 4 de xullo) e conforme ao disposto na Resolución do 5 de xullo de 2022, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 134 do 14 de xullo) e á vista do informado polos servizos técnicos e sen prexuízo de calquera outra autorización esixida pola lexislación vixente,

RESOLVO

Autorizar as obras de Mellora e ampliación de vial de Arbo a Vilar-As Laxas, en As Laxas, Vilar, concello de Arbo, coas seguintes condicións:

- Con carácter xeral no transcurso das actuacións previstas adoptaranse as cautelas necesarias para non afectar aos muros tradicionais e calquera outro ben de carácter etnográfico que se atope no percorrido das obras.
- As posibles provisións de materiais realizaranse á maior distancia posible dos bens catalogados.
- En tódolos casos, nos puntos en que os traballos se realicen nas inmediacións ou en contacto directo cos bens, extremaranse as precaucións para evitar calquera dano fortuíto resultado de impacto ou vibracións causadas por emprego de maquinaria.
- O material de acabado do firme será uniforme en todo o seu trazado e non se estenderá ás marxes non pavimentadas das beiravías, salvo para a regularización puntual do ancho útil de tránsito do camiño.
- Conservaranse os muros tradicionais existentes adoptando as precaucións precisas para evitar que o aglomerado entre en contacto cos mesmos.
- Os muros de contención proxectados executaranse en pedra de granito silvestre ou moreno.
- A altura do muro proxectado debe ser a mínima necesaria para a contención das terras e deberá adecuarse á necesaria para cada tramo do muro.
- En caso de ser necesario o aporte de pedra, empregaranse preferentemente pedras da zona, e en calquera caso, correspondentes a variedades litolóxicas o máis semellantes ás empregadas orixinariamente nel, en tamaño, forma e cor, e coa mesma disposición construtiva. Non se consideran axeitadas as placas de pedra (aplacados) de pequeno espesor, polo que de utilizar pedra, empregárase unha folla duns 10 cm de espesor mínimo, trabada ao xeito



tradicional e resolvendo os posibles encontros axeitadamente. De procederse ó rexuntado do muro, este realizarase con morteiro de cal, análogo ó usado nas prácticas tradicionais, prohibíndose o emprego de morteiros exclusivamente de cemento. O morteiro colorearase en tons semellantes ós da pedra, e deberá quedar lixeiramente refundido na xunta ou a rentes ca fábrica de pedra, nunca en relevo.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo cos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notifícase a Concello de Arbo esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral do Patrimonio Cultural
p.d.: Resolución do 05.07.2022
A xefa do Servizo de Coordinación Cultural
M^a José Echevarría Moreno

